**Temas:** REDES SOCIAIS (/tema/redes-sociais) XUNTA (/tema/xunta) SANIDADE (/tema/sanidade) CRISE (/tema/crise) EMPRESARIOS (/tema/empresarios) INSTAGRAM (/tema/instagram)

# O edificio de Santiago que fala cada noite: "Feijóo, queda na casa" ou "Amancio Ortega me regaló un mechero"

As lendas que proxectan dende un piso do barrio de San Pedro tiran a dar. Algunhas son críticas acedas, outras van polo camiño do humor... mais todas elas teñen en común o punto de partida: a crise sanitaria por mor do coronavirus e todo o que iso provoca no día a día. Eis unha recompilación dalgunhas frases.

- Unha proxección nun edificio en Santiago lémbralle a Feijóo que despediu aos médicos "que agora salvan vidas" (http://galiciaconfidencial.com/nova/120660.html)

Por Galicia Confidencial (https://twitter.com/gconfidencial) | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 25/03/2020 | Actualizada ás 23:05

"Tendas pechando e o Corte Inglés abre os domingos"; "O noso corazón cos centros de maiores"; "Feijóo, queda na casa"; "Bugallo, vai ao (rima correspondente)"; "Amancio Ortega me regaló un mechero pero me robó los porros"; "A cona, Josito"; "A ver se nos están engordando para logo paparnos"; "El Correo Gallego, desta pecharás, non?"; "Se nos organizamos despois do confinamento follamos todes"...




Unha das proxeccións na fachada dun edificio de Santiago de Compostela | Fonte: *@escolaunitaria*

Estas e un longo etcétera son as frases que dende hai uns cantos días poden verse reproducidas en grandes letras na fachada dun edificio do **barrio de San Pedro**, en Santiago de Compostela.

Comparte esta noticia

(https://www.facebook.com/sharer.php?u=http%3A%2F%2F... edificio-santiago-fala-noite-feijoo-queda-casa-ou-amancio-ortega-regalo-mechero)

¿Gústache esta noticia?

Colabora para que sexan moitas máis activando GCplus

Que é **GC plus**? (/introgcplus/)

Achegas (/achegas/)

## Últimas noticias: Sociedade

(/seccion/sociedade)

- A dirección de DomusVi anuncia que despedirá a traballadores polas filtracións aos medios (/noticia/122246-direccion-domusvi-anuncia-despedira-traballadores-polas-filtracions-aos-medios)
- Falan as funerarias: "Estanos afectando. Non facer un velorio é moi duro para a familia" (/noticia/122359-falan-funerarias-estanos-afectando-facer-velorio-duro-familia)
- As cifras de mortos seguen crecendo sen parar; xa son 174 (/noticia/122448-cifras-mortos-seguen-crecendo-parar-son-174)
- Saturación telefónica, os números do Goberno para atender a desempregados e empresas non dan para máis (/noticia/122282-saturacion-telefonica-numeros-goberno-atender-desempregados-empresas-dan)
- Os semáforos de Ferrol deixarán de funcionar por pulsación para evitar contaxios por contacto (/noticia/122446-semaforos-ferrol-deixaran-funcionar-pulsacion-evitar-contaxios-contacto)
- O Defensor do Paciente pide á Fiscalía que investigue a situación das residencias de maiores (/noticia/122443-defensor-paciente-pide-fiscalia-investigue-situacion-residencias-maiores)

PUBLICIDADE (/publicidade/)

**Unitaria**
about 2 weeks ago




159 Comment 84

Tiran a dar e ninguén se libra, nin políticos, nin empresarios, nin medios de comunicación... **Chegada a noitiña, dende o edificio de enfrente comezan a proxectar en letras azuis unhas cantas frases**, algunhas con fondo crítico, outras en ton humorístico, que xorden deste contexto de crise sanitaria e confinamento. Moitas delas teñen a autoría da escritora María Von Touceda, que argalla estes enunciados para reproducir na fachada.

Os resultados finais vanse colgando aos poucos na conta de Instagram da asociación @escolaunitaria. Esta idea comezou o pasado domingo, 22 de marzo, cando proxectaron a primeira das imaxes, que se fixo viral en redes sociais en poucas horas. Nela lembrábanlle ao presidente da Xunta a importancia da sanidade pública: **"Feijóo, 11 anos pechando hospitais, pechando camas e despedindo a médicos da pública que agora nos salvan a vida"**.

**#OLAVECIÑAS**

Da man desta iniciativa camiña tamén outra que xorde da reflexión ao redor do illamento e ausencia do contacto co entorno durante este tempo de confinamento. Dende a Escola Unitaria, xunto con outras cantas persoas, decidiron lanzar un convite á creación de tecido veciñal, para **alimentar así o apoio mutuo e os coidados nos barrios**. Deste xeito, a través do vehículo de expresión das videoproxeccións, animan as persoas a que usen este recurso co **lema #olaveciñas** sobre as fachadas dos edificios ou a que fagan suxerencias a través do correo olavecinhas@gmail.com (http://olavecinhas@gmail.com).

Polo de agora, foron ben delas que se uniron á proposta...



(http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.ph oaparams=2__bannerid=1246__zoneid=23__cb=392f gobierno-de-lara-mendez-recuerda-en-una-campana-la-importancia-de-apoyar-al-comercio)

PUBLICIDADE (/publicidade/)



(http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.ph oaparams=2__bannerid=1249__zoneid=24__cb=2bc2 en-casa%3Futm_source%3Dgaliciaconfidencial%26utm_

PUBLICIDADE (/publicidade/)



(http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.ph oaparams=2__bannerid=1257__zoneid=25__cb=fa62

+lidas +comentadas comentarios

- Non son Naturgy, Inditex ou Abanca pero as... (/noticia/122122-son-naturgy-inditex-ou-abanca)
- Interceptan na A-6 a un coche que viña de... (/noticia/122294-interceptan-6-coche-vina)
- A Xunta mobiliza ás coidadoras de... (/noticia/122380-xunta-mobiliza-coidadoras)
- O presidente da Xunta: "Aos hospitais... (/noticia/122315-presidente-xunta-aos-hospitais)
- Concellos galegos lanzan un SOS: "Hai... (/noticia/122285-concellos-galegos-lanzan-sos-hai)
- A Xunta sobre a morte da moza

This Facebook post is no longer available. It may have been removed or the privacy settings of the post may have changed.

Help Center

embarazada:... (/noticia/122196-xunta-morte-moza-embarazada)

PUBLICIDADE (/publicidade/)




(http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.pl
oaparams=2__bannerid=283__zoneid=30__cb=c272b

PUBLICIDADE (/publicidade/)

XORNAL DE LEMOS

(http://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.pl
oaparams=2__bannerid=595__zoneid=44__cb=ae89b

**Noticias relacionadas**

- Unha proxección nun edificio en Santiago lémbralle a Feijóo que despediu aos médicos "que agora salvan vidas" (http://galiciaconfidencial.com/nova/120660.html)

**Temas:** REDES SOCIAIS (/tema/redes-sociais) XUNTA (/tema/xunta) SANIDADE (/tema/sanidade) CRISE (/tema/crise) EMPRESARIOS (/tema/empresarios) INSTAGRAM (/tema/instagram)

(https://www.facebook.com/sharer/sharer.php?
u=http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com%2Fnoticia%2F121211-edificio-santiago-fala-noite-feijoo-queda-casa-ou-amancio-ortega-regalo-mechero) mechero&text=O%20edificio%20de%20Santiago%20que%20fala%20cada%20noite%3A%20%22Feij%C3%B3o%2C%20queda%20na%20casa%22%20ou%20%2

## Comenta

**Texto** ¿Queres deixar un comentario?

(/)

© GC 2020

Séguenos

(https://www.facebook.com/GConfidencial) (https://twitter.com/gconfidencial) (https://www.linkedin.com/company/galicia-confidencial) (https://www.youtube.com/user/Gconfidencial)

**Quen somos (/quensomos/)**

**Legal (/legal/)**

**RSS (https://static.galiciaconfidencial.com/rss2/x**

**Política de cookies (/cookies/)**

**Publicidade (/publicidade/)**

Galicia Confidencial
39,900 likes
Like Page
Contact Us
Seguir a @gconfidencial 25,1 mil seguidores

(http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)
GC está baixo licenza Creative Commons Recoñecemento-NonComercial-CompartirIgual 4.0 (https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).